

A Federación Galega de Comercio celebrou en Santiago de Compostela a reunión da Asemblea Xeral Ordinaria da organización, para facer balance do ano 2009 e falar dos proxectos e previsións para o ano en curso.

Nesta reunión tratouse sobre o adverso entorno económico que se traduciu xa no peche dun gran número de establecementos e en descenso xeneralizado das vendas. As alarmantes cifras do paro, o alza do IVE, as subas de impostos e o resto de medidas económicas adoptadas polo executivo estatal fan que os potenciais clientes do comercio polo miúdo estean perdendo poder adquisitivo. Polo tanto, non é un bo momento para o sector, e ante esta situación dende a Federación Galega de Comercio fíxose no 2009 un especial esforzo para que contara coa promoción, a formación e o asesoramento que máis que nunca precisa.

Na Memoria de Actividades 2009 que presentou a Federación Galega de Comercio na Asemblea Xeral recóllense parte das actuacións desenvolvidas: as campañas “As compras na túa vila” e “O Comercio de Ti a Ti”, destinadas a incrementar o gasto no sector; a formación impartida, o asesoramento integral ás asociacións e comerciantes, etc.

Destacouse os movementos no ámbito normativo. A nivel estatal, a organización participou na reforma da lei estatal de comercio para adaptala á Directiva de Servizos. E a nivel autonómico, mantivo un continuo contacto coa Xunta de Galicia para perfilar o texto da nova Lei de Comercio Interior de Galicia, da que xa se coñece un borrador que se agarda sexa o definitivo. O presidente da Federación, José María Seijas, destacou na súa intervención que este anteproxecto recolle as demandas do sector: plena liberdade de utilización do galego e castelán no exercicio da actividade comercial, creación do Rexistro Galego de Comercio, regulamento dos vales de compra, introdución do dereito de desistimento ou creación do Observatorio Galego de Comercio, do Consello Galego de Comercio e das Mesas Locais de Comercio.

Ademais, en relación ás actividades de promoción de vendas, quedan máis delimitados os dereitos e obrigas dos comerciantes e consumidores e regúlanse as feiras de oportunidades e os outlets. En definitiva, a valoración deste texto é positiva.

Tamén se traballou no novo plan cuadrienal “Ágora, agora Re-comercia 2010-2013”, que incorpora novidades nas liñas de axuda. Seijas asegurou que se traballa en positivo, buscando saídas e solucións para o comercio, e para iso demandou axilización nos programas e cas partidas orzamentarias se adapten ás necesidades do sector.

A Federación Galega de Comercio, conta cun orzamento que supera os 5 millóns de euros para o exercicio 2010, que repercutirá no conxunto do comercio galego, xa que a súa distribución faise en colaboración e coordinadamente coas Federacións Provinciais de Comercio. Con este importe, dará continuidade a algunha das actuacións en marcha e iniciará novos proxectos de cara a dinamizar o sector e dotalo de competitividade.